



VAR-2/2016

Expediente: 430/2016/95


CONVOCATORIA XURADO DO CONCURSO DE PROXECTOS REHABILITACIÓN DA PRAZA E O MERCADO DE MONTE ALTO

A base 13.1 do Prego de bases do **concurso de ideas con intervención de xurado para rehabilitación da praza e o mercado de Monte Alto**, prevé que a "Mesa de contratación constituirase en xurado de concurso de proxectos, incorporando á súa composición a:

Presidente: O Concelleiro de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda do Concello da Coruña.

Vogais:

- O Decano do Colexio de Arquitectos de Galicia
- O Director de Área de Rexeneración Urbana.
- Xefe de Servizo de Edificación.
- Dous profesionais técnicos, arquitecto e arquitecta, a proposta dos concursantes.



Secretario: O Secretario Xeral do Pleno que actuará con voz e sen voto.

A posibilidade de constitución dunha mesa de contratación específica está prevista no art. 21.4 do RD 817/2009, de 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público. Pola súa banda, o art. 233 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) dispón que nos concursos de proxectos a Mesa de Contratación constituirase en xurado, incorporando á súa composición personalidades de notoria competencia en el ámbito relevante, como así foi designado na base 13.1 do prego de bases que rexe o presente concurso.

O Decano do Colexio de Arquitectos de Galicia, nomeou en representación do COAG a Cristóbal Crespo González, vocal en representación da Coruña e delegado de Cultura na Xunta de Goberno do COAG.

O Secretario Xeral do Pleno ten delegada a súas función no presente xurado no Oficial Maior Miguel Iglesias Martínez.

O pasado 3 de xaneiro do 2017, reuníronse os membros do Xurado do **concurso de ideas con intervención de xurado para rehabilitación da praza e o mercado de Monte Alto** ao fin de designar aos vogais do mesmo a proposta dos concursantes, segundo o disposto na base 13.1 do Prego de bases. Trala apertura dos sobres B, en canto á comprobación do formularios que deberon

cumprimentar os concursantes segundo o anexo 4, para designación de vogais do xurado a proposta dos concursantes, publicouse a lista de arquitectas e arquitectos propostos no perfil do contratante, tendo aceptado a designación, Dª. **Guadalupe Piñera Manso** (primeira arquitecta designada) e D. **Carlos Quintáns Eiras** (terceiro arquitecto designado, trala escusa formal dos dous primeiros).

Para a válida constitución do xurado se deberá convocar tamén aos vogais da mesa de contratación permanente que teñen atribuídas as funcións correspondentes de asesoramento xurídico e o control económico-orzamentario, en tanto que o xurado deberá cumplir os requisitos das mesas de contratación do art. 21 do RD 817/2009, de 8 de maio, entre os que é preceptivo que a mesa (ou xurado neste caso) conte cun funcionario dos que teñan encomendado o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un Interventor, cuxa presenza é obligatoria para a súa válida constitución (art. 21.7 do RD 817/2009).

O xurado queda formado polas seguintes persoas:

Presidente: O Concelleiro de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda do Concello da Coruña, Xiao Varela Gómez.

Vogais:

- En representación do Colexio de Arquitectos de Galicia, **Cristóbal Crespo González.**
- O Director de ÁREA de Rexeneración Urbana, actualmente de Espazos Públicos e Mobilidade, **Jorge Juan Cao Abad.**
- Xefe de Servizo de Edificación, **Alberto Manuel Vázquez Aguilar.**
- Dous profesionais técnicos, arquitecta e arquitecto, a proposta dos concursantes, Dª. **Guadalupe Piñera Manso** e D. **Carlos Quintáns Eiras.**

Secretario: O Secretario Xeral do Pleno que actuará con voz e sen voto, **Miguel Iglesias Martínez.**

Por todo o sinalado, mediante o presente procédese a convocar, para o vindeiro día 3 de febreiro do 2017 ás 10:30 horas, na Sala Municipal de Exposicións de Palexco, sito no Peirao de Transatlánticos s/n, aos membros do xurado do concurso de proxectos de rehabilitación da praza e o mercado de Monte Alto, coa seguinte orde do día:

1º.- Constitución formal do xurado do concurso de ideas con intervención de xurado para rehabilitación da praza e o mercado de Monte Alto.




2º.- Estudo da alegación presentada pola Proposición nº 63, excluída por Resolución do Presidente do Xurado do 28 de decembro de 2016

3º.- 1º reunión do xurado para a clasificación de proxectos para a rehabilitación da praza e o mercado de Monte Alto (1ª rolda).

A Coruña, 25 de xaneiro de 2016

O secretario do xurado



Miguel Iglesias Martínez
Oficial Maior do Concello da Coruña

